DEPUTACIÓN OURENSE

Referencia:	**2020/26561N**
Procedemento::	**Expedientes de aprobación y modificación de Ordenanzas Fiscales**
Interesado:	
Representante:	
NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL (493)	

DITAME

Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense.

A **Sra. presidenta** informa que neste punto vai intervir de D. Javier Bobe Vázquez que é o xefe de área de Medio Ambiente desta Deputación co fin de que aclare e informe en que consiste a modificación desta ordenanza fiscal.

D. Javier Bobe Vázquez, explica que o ano pasado se modificou a taxa nun total de 40 concellos dos 54 adheridos ao servizo. Aproveitando a lei de desindexación aprobouse un mecanismo de modificación de revisión da taxa e incluíuse un mecanismo matemático, desvinculado de índices xerais. A xurisprudencia sinala que a revisión das taxas no se pode facer de xeito automático e para revisar as ordenanzas débese seguir o procedemento previsto para a súa modificación. Para calcular o valor das taxas do ano 2021, necesitamos coñecer o custo do ano 2020 e 2019, pero o procedemento nos obriga a facelo antes do 31 de decembro, e o custo do ano 2020 non se coñece ata febreiro de 2021. Polo tanto proponse a modificación da fórmula establecendo un ano de diferencia, así para o ano 2021 se utilizaran os valores dos anos 2018-2019, e non como figura na fórmula que serían 2019 e 2020, xa que os deste último ano non se coñecen por agora. Tamén se propón que como a fixación dos valores que figuran na ordenanza para o ano 2020 corresponden á variación a baixa do custo do servicio pola entrada da bonificación do canon 2018-2019, e xa se tivo en conta, se propón polo tanto que a actualización non se faga no ano 2021. E a primeira revisión se fará no ano 2021 para o ano 2022.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 13067451031234040752 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), e de DO (1) e a abstención do Grupo Socialista (3), e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do apartado 10 do artigo 5 da Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense, publicada no BOP n.º 299 do 31 de decembro de 2019, (corrección de erros no BOP n.º 7 do 10 de xaneiro de 2020) no seguinte teor:.

> *10. As contías das tarifas serán revisadas anualmente, de acordo coa seguinte fórmula de revisión:*
>
> *Coeficiente de revisión para* A_{+1} *=* CRA_{-1}/CRA_{-2} *x 0,9435 +0,0565 Onde:*
>
> *Coeficiente de revisión para* A_{+1} *é o coeficiente de revisión das tarifas para o ano seguinte o ano no que se tramita a revisión (A), a aplicar sobre as tarifas vixentes no ano en curso (A).*
>
> CRA_{-1} *é o sumatorio dos custos anuais repercutidos na liquidación practicada para o ano* A_{-1} *, que se corresponde coa do ano anterior a do ano A sobre o que se aplica a revisión.*
>
> CRA_{-2} *é o sumatorio dos custos anuais repercutidos na liquidación practicada para o ano anterior ao do* CRA_{-1} *(é dicir:* A_{-2}*)*

2º.- Non aplicar neste ano 2020 a fórmula de revisión de tarifas para o ano 2021, dado que a variación producida entre os anos 2018 e 2019 (que foi á baixa) xa está incorporada nas tarifas vixentes no ano 2020.

3º.- O presente acordo someterase a información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio inserido na sede electrónica da Deputación, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios dos de maior difusión da provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións, que, de ser o caso, deberán ser resoltas polo Pleno. No caso de non presentarse reclamacións ou suxestións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Unha vez aprobada definitivamente a modificación da ordenanza, procederase á publicación do texto íntegro resultante da dita modificación no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 13067451031234040752 en https://sede.depourense.es